



22 de febreiro de 2012. Ao fío dun [recente informe da OMS](#) sobre o impacto da polución atmosférica na saúde que conclúe pedindo a UE que endureza a lexislación e estableza **valores**

máis estritos para os contaminantes atmosféricos, ADEGA ven de analizar os resultados da contaminación por partículas nas vilas e cidades galegas durante o pasado ano. Os resultados amosan que as vilas galegas, malia a estaren dentro dos límites legais en canto a emisión de partículas (con algunhas excepcións),

superan ampla e maioritariamente os valores recomendados pola OMS

para a protección da saúde. A que esperan pois as administracións para ir tomando medidas? [Avance informe PARTICULAS 2012](#) (Ramón Varela Díaz)

A Organización Mundial da Saúde (OMS) acaba de facer público un **informe** no que recomenda endurecer a lexislación anticontaminación. A Comisión Europea, tería que revisar os límites permitidos, para rebaixalos, en particular os valores límite de partículas en suspensión PM_{2,5}. O contaminante con maior efecto na saúde seguen sendo as partículas en suspensión, en especial as finas e ultrafinas. Porén, o ozono e os óxidos de nitróxeno tamén afectan a mortalidade e morbilidade da poboación.

A lexislación europea permite una media anual de **25 ug/m³** (microgramos por metro cúbico) de PM_{2,5}, mentres que la OMS xa no 2005 estableceu que o umbral de protección da saúde debía ser inferior a **10 ug/m³**.

Resumo das concentracións medias mensuais en ug/m³ de Partículas PM2,5. Ano 2012.

Estación	Concentración media de partículas ug/m ³ Xaneiro 2012	Concentración media de partículas Febreiro 2012	Concentración media de partículas en Marzo 2012	Nº de días que se superaron nos tres meses os 25 ug/m ³ 2012
Marín	18	16	12	16
Santiago	18	18	20	19
Laza	4	13	11	4
Ponteareas	34	34	25	¿

Fonte: Elaboración propia a partir dos Informe Mensuais. Xunta de Galicia.

	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro
Marín	-----	13	10	--	---	---	--	--
Santiago	9	9	12	10	11	14	10	9,3
Laza	---	1	4,2	3,9	4,3	5,4	3,9	2,6
Ponteareas	12	11	10	10	10	11	18	22
Estación Citroën Este1. Vigo	12	10	13	10	12	14	12	17

Fonte: Elaboración propia a partir dos Informe s Mensuais publicados. Xunta de Galicia.